

EXERCICIOS DO TEMA 9 Movements migratorios



1. Que son os movementos migratorios da poboación? Define emigrante e inmigrante. (páxina 242)

Son desprazamentos de poboación que implican un cambio de domicilio ou residencia das persoas que se desprazan. Emigrante é a persoa que sae dunha poboación a vivir a outra; mentres que inmigrante é unha persoa que chega a vivir a unha poboación procedente doutra.

2. Que é o Saldo Migratorio? Como se calcula?

É a diferenza que hai entre o número de persoas que inmigran e o número de persoas que emigran dun territorio. Calcúlase: $SM = n^{\circ} \text{ inmigrantes} - n^{\circ} \text{ emigrantes}$.

3. Cales son as causas das migracións? Coméntaas.

As causas das migracións poden deberse a motivos de repulsión do lugar de saída ou de atracción do lugar de destino.

As causas de repulsión poden ser por motivos naturais (terremotos, erupcións volcánicas, secas, inundacións), políticos (guerras, persecucións), económicos (exceso de poboación, falta de traballo, carencia de servizos sanitarios e educativos).

As causas de atracción poden ser naturais (condicións físicas e climáticas favorables), políticas (paz social) e económicas (oportunidades de emprego, sociais ou culturais).

4. Que son as migracións interiores? A que nos referimos co éxodo rural?

As migracións interiores son as que se dan dentro do propio país. O éxodo rural refírese a migracións que se dan entre o campo e a cidade.

5. Que son as migracións exteriores? (páxina 244)

Son as que se dan entre países.

6. Que entendemos por Crecemento Real da poboación? (apuntes)

O crecemento real dunha poboación é o resultado de sumar o crecemento natural da poboación e o Saldo Migratorio de dita poboación.

7. Fai os cálculos!!!

Si a principios do 2022 a poboación total deste pobo era de 2325 persoas e se ao longo do ano...

- Naceron: 7 nenos
- Faleceron: 10 persoas
- Chegaron: 6 persoas
- Saíron: 3 persoas

Indica: o crecemento natural, o saldo migratorio e o crecemento real desta poboación.

- Crecemento Natural: $7 - 10 = -3$
- Saldo Migratorio: $6 - 3 = 3$
- Crecemento Real: $-3 + 3 = 0$

8. Observa o mapa dos fluxos de migración (páxina 245) e contesta:

a. sitúa as principais zonas de saída da migración.

Norte de África, África subsahariana, Península do Indostán, Sueste asiático, China, América do Sur, Centroamérica.

b. Sitúa agora as principais zonas de chegada!

Europa, Norteamérica, Australia, Xapón, Golfo Pérsico, Sudáfrica, Arxentina.

9. Que consecuencias teñen as migracións? Indica as vantaxes e os inconvenientes segundo sexan áreas de orixe ou de destino. (páxina 242)

Áreas de orixe	Vantaxes	<ul style="list-style-type: none">• Diminución da poboación e da natalidade.• Redución do desemprego, do descontento e da conflitividade social.• Remesas de diñeiro que envían os emigrantes.
	Inconvenientes	<ul style="list-style-type: none">• Perda da poboación máis nova e emprendedora.• Envellecemento da sociedade.
Área de destino	Vantaxes	<ul style="list-style-type: none">• Aumento e rexuvenecemento da súa poboación.• Chegada de man de obra barata.• Aumento da diversidade cultural.
	Inconvenientes	<ul style="list-style-type: none">• Problemas de convivencia (xenofobia ou rexeitamento)• Problemas de adaptación.• Escaseza de vivenda, saturación de servizos públicos.